

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de xaneiro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(50).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 10 e 17 de xaneiro . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(51).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 241/2003 INTERPOSTO POR PROMOCIONES COMERCIALES TURÍSTICAS, S.A CONTRA RESOLUCIÓN DO 27.05.03 EN RELACIÓN COA DILIXENCIA DE EMBARGO DE ESTABLECEMENTOS MERCANTÍS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 17.12.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo no curso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por PROMOCIÓN TURÍSTICAS COMERCIALES S.A., contra resolución de data 27 de maio de 2003 pola que o Xefe da Unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo desestima o recurso de reposición relativo ao procedemento na vía executiva con número de referencia 9740734, interposto ante dito organismo contra a notificación de embargo de establecementos mercantís notificado con data 12 de decembro de 2002, dentro do procedemento de prema dictado por dita Unidade de Recadación Executiva en relación ao IAE dos anos 1992 a 1997, e ó Lixo industrial de 1995 a 1998; resolución que modifíco no único extremo de excluír como concepto causante de embargo, o relativo ao IAE do ano 1997. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta a Recadación Executiva.

3(52).- SENTENZA TSXG NO R.C.A Nº02/4660/1999 INTERPOSTO POR D. MAGIN PUZA PUZA E OUTROS CONTRA ACORDO DA C.GOVERNO DO 13.08.99 DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 12244/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04, dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por don Magin Puza Puza, don Alejandro Ferro Pérez e a entidade CASER, S.A., contra o acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo de 30 de xullo de 1999 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial dimanante do accidente sufrido por don Magín Puza ao tropezar cun cable que colgaba do techo cando circulaba pilotando un ciclomotor polo túnel do Berbés o día 4 de febreiro de 1998, acto que anulamos por non ser conforme a dereito, e na suma de mil cincocentos oitenta e cinco euros con dous céntimos(1.585,02euros), ao segundo na de novecentos vintenoventa e sete euros con setenta e oito céntimos (929,78 euros), e a última na de oitocentos dez euros con sesenta e tres céntimos (810,63 euros), cos xuros legais en todos os casos, dende a data da reclamación administrativa, 4 de maio de 1999. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Tráfico.

4(53).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A Nº 02/4988/2000 INTERPOSTO POR D. JONATHAN ABREU MOLDES CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN ALCALDÍA DECLARANDO A INADMISIBILIDADE

DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE.(EXPTE. Nº12962/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04 dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Jonathan Abreu Moldes contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo do recurso de reposición interposto contra o acordo de 21.3.2000, que declarou inadmisibile a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en relación coas lesións e danos sufridos nun accidente de circulación ocorrido o 25.9.99 na Avenida de Beiramar. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento municipal de Patrimonio.

5(54).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A Nº 02/4665/2001 INTERPOSTO POR D. ROBERTO MOLEDO ALONSO CONTRA RESOLUCIÓN DO 14.05.01 DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 13547/240). INADMISIBLE RECURSO.

Dáse conta da sentenza data 23.12.04, dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declaramos inadmisibile o recurso contencioso administrativo interposto por don Roberto Moledo Alonso contra a resolución do Alcalde de Vigo de 4 de maio de 2001 que declarou inadmisibile a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo recorrente derivada do accidente sufrido o día 2 de decembro de 2000 na intersección da rúa Coruña coa praza de Eugenio Fadrique daquela cidade. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

6(55).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A Nº02/4626/2001 INTERPOSTO POR D.JOSE I. PLAZA VEIGA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 13103/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04, dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso administrativo interposto por don José Ignacio Plaza Veiga contra desestimación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial dimanante da colisión sufrida polo vehículo do recorrente na Porta do Sol de dita cidade o día 18 de febreiro de 2000. Sen custas

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de patrimonio.

7(56).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4476/2001 INTERPOSTO Dª CARMEN LEAL PÉREZ E OUTRO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 13509/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso administrativo interposto por dona Carmen Leal Pérez e don David Reboredo Leal contra a desestimación presunta por silencio administrativo por parte dimanante da caída de ciclomotor sufrida polo recorrente o día 19 de xaneiro de 2000 na rúa Urzáiz de dita cidade, acto que anulamos por non ser conforme a dereito, e no seu lugar condeamos ao citado Concello a que indemnice á primeira na suma de trescentos dezaioito euros con trinta e dous céntimos (318,32 euros) e ao segundo na de cincocentos dez euros con cincuenta céntimos (510,50 euros), ambas cos seus xuros legais dende a data da reclamación administrativa, 13 de outubro de 2000. Sen custas

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Tráfico.

8(57).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4864/2001 INTERPOSTO POR D.MANUEL VICENTE NOVOA SEIJO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 14033/240) . ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04, dictada Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por don Manuel Vicente Nova Seijo contra desestimación presunta por silencio do Concello de Vigo a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada o 18.04.01, por danos en vehículo Citroën C-15, matrícula PO-9427-W o 9.12.00. Anulamos dita resolución e condenamos ó Concello demandado a que aboe ao actor a cantidade a cantidade de 621,69 euros máis os xuros legais de dita cantidade dende a data da súa reclamación administrativa. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Vías e Obras.

9(58).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4805/2001 INTERPOSTO POR D^a ELVIRA MIRÓN HERMIDA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 12947/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.12.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por dona Elvira Mirón Hermida contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en relación cos danos sufridos polo vehículo PO-2086-AM o 23.07.98 ao colisionar contra unha señal de tráfico na Praza de Isabel a Católica, que declaramos contraria a dereito, polo que condeamos á Admiministración demandada a que aboe á actora a cantidade de 2.051,35 €, incrementada cos xuros legais dende ó 12.01.00. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio, Intervención Xeral e Tesourería.

10(59).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

- a) Dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:
 - D^a Elena Márquez Rodal. Expte. 3/786.
 - D^a. Carmen Fernández Alonso. Expte. 2/1120.
 - D^a Marina Rodríguez Alonso. Expte. 21/181.
 - D^a. Consuelo Martínez Camba. Expte. 3/806.

- b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:
 - D^a. Nieves Pérez Conde. Expte.2/822.
 - D^a Delfina González López. Expte. 2/055.

11(60).- PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 4/802, 1/521, 12/945.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- D. Eligio Ballesteros Carrera. Expte. 12/945.
- D.ª María García Martínez. Expte. 1/521.
- D.ª Francisca Vázquez Graña. Expte. 4/802.

12(61).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS DE PRÓRROGA DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS CO PLAN GALICIA SOBRE DROGODEPENDENCIA PARA O SON 2005. EXPTE. 11255/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social do 25.01.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Prestar conformidade ao desenvolvemento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2005 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prórroga dos convenios subscritos o 2 de xaneiro e 30 de xullo de 2004 (Comisións de Goberno 24/05/04 e 06/09/04) coas posibles actualizacións que se acorden.

13(62).- AXUDAS ECONÓMICAS PARA A SAÍDA DE MULLERES DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS. EXPTE 1959/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller do 11.01.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 18.100 Euros con cargo á partida 463.2.480.00.00 do presuposto vixente, para facer fronte ós gastos que orixinan á saída das mulleres da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas.

2º.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 18.100 euros .-dazaioito mil cen euros, a nome da funcionaria Cristina Gómez García, con NIF: 36.098.882-Z, técnica da oficina da muller, para facer efectivo os anteditos gastos.

3º.- Aprobar as bases da axuda económica de apoio para ás mulleres á saída da Casa de Acollida que de seguido se transcriben:

AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA AS MULLERES Á SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA

XUSTIFICACIÓN:

A maior parte das usuarias da Casa de Acollida son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria.

O límite de estadia na casa, a falta de cualificación profesional, e as propias limitacións no mercado de traballo fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida á saída da Casa de Acollida sexan enormemente dificultosas. Esta situación profundiza, magnifica e amplía os obstáculos sociais e persoais necesarios para reconducir a súa vida.

A necesidade dunha axuda económica que facilite a súa reincorporación á comunidade faise non só evidente, senón urxente de xeito que moitas casas de acollida xa teñen tomadas medidas neste terreo.

No ano 2000 apróbase no pleno da corporación municipal o “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”, neste plan ,que tivo vixencia ata o ano 2003, recollíase a medida 1.5 de “Axuda económica de apoio á saída da Casa de acollida”.

Durante o periodo de vixencia do Plan contra a violencia foron beneficiarias desta axuda 52 mulleres. As valoracións realizadas polo equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Casa de acollida e polas propias mulleres beneficiarias é moi positiva. Sen embargo, cómpre modificar as bases de concesión co obxecto de flexibilizar os criterios de concesión respecto da perioricidade da súa entrega, así como da cantidade asignada, tal e como se recolle no “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007” obxectivo 2 acción 2.2: Reforzar os mecanismos de apoio e seguimento na fase correspondente á saída das mulleres usuarias da Casa de Acollida.

Por todo isto cómpre manter unha consignación presupostaria anual para continuar con esta medida de apoio e atención ás vítimas de violencia de xénero. A concesión destas axudas tramitaranse de acordo coas seguintes bases:

CRITERIOS DE CONCESIÓN:

1.- Procedimento e valoración

A proposta de adxudicación da axuda económica de apoio á saída da Casa de Acollida poderá partir de calquera das profesionais que integran o equipo de traballadoras do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) e presentarse en xuntanza ordinaria de coordinación CMIDM e Casa de Acollida onde se valorará a adecuación da proposta e no seu caso a contía da axuda.

Para a adxudicación das axudas extraordinarias a proposta de concesión deberá vir asinada por todo o equipo do CMIDM.

A traballadora social do CMIDM cubrirá a solicitude (Anexo 1) coa proposta da axuda e a remitirá ao Departamento da Muller para que proceda a súa tramitación. En ausencia da traballadora social e con carácter excepcional calquera outra profesional do CMIDM poderá cursar a devandita solicitude.

2.- Beneficiarias:

Usuarias da Casa Municipal de Acollida para mulleres maltratadas que a súa saída non regresen co agresor.

3.- Fins das axudas

- a) Todas as mulleres que á saída da Casa de Acollida precisen do alugueiro dunha nova vivenda, sempre que os seus ingresos mensuais non superen o salario mínimo interprofesional terán dereito a unha axuda económica igual a un mes de renda de aluguer.

No caso de que da muller dependan 1 ou máis fillos ou fillas esta axuda será polo valor de 2 meses de renda de aluguer.

- b) Aquelas mulleres que á saída da Casa de acollida perciban ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional poderán ser obxecto dunha axuda económica para facer fronte ás necesidades urxentes ou inmediatas: merca de alimentos, roupa, utensilios, etc, se así o valora o equipo de técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

En casos excepcionais de mulleres que superan o límite de ingresos poderase conceder a axuda se así o valora a traballadora social do Centro Municipal de Información mediante a emisión dun informe social.

Na fundamentación da solicitude farase constar ademais da contía proposta o investimento á que vai adicada a axuda e con qué documentos se xustificará.

4.- Importe e cobertura das axudas:

Establécense dous tipos de contía:

- a) Unha contía máxima ordinaria de 650.- euros
- a
- b) Unha contía máxima extraordinaria de 900.-euros.

5.- Xustificación das axudas

As axudas concedidas serán xustificadas coa achega da seguinte documentación:

- a) DNI da beneficiaria
- b) Declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica.
- c) Facturas ou comprobantes de compra orixinais
- d) Contrato e/ou recibos de aluguer (orixinais ou copia compulsada)

6.- Departamento responsable

Concellería da Muller: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller en coordinación coa Oficina da Muller.

7.- Avaliación e Seguimento:

O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

No expediente aberto no CMIDM deberá incluírse a proposta-fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda (anexo 1)

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida elaborárase unha memoria anual que reflecta cando menos:

- a) número de beneficiarias
- b) criterios empregados
- c) utilización das axudas
- d) seguimento dos destinos da axuda
- e) número de solicitudes denegadas
- f) motivo de denegación de solicitudes”

PROTOCOLO ANEXO 1

Solicitud de axuda económica de apoio á saída da Casa de Acollida

1.- DATOS SOCIO-ECONÓMICOS

NOME.....Núm.Expte CMIDM.....

APELIDOS.....Núm.Expte C.A.....

IDADE.....

NÚM.FILLOS/FILLAS.....IDADES.....

NÚM.PERSOAS DEPENDENTES ECONOMICAMENTE DA MULLER.....

DATA DE INGRESO NA CASA DE ACOLLIDA.....

DATA DE SAÍDA DA CASA DE ACOLLIDA.....

INGRESOS ECONÓMICOS :

CONCEPTO:	CONTÍA MENSUAL:
TOTAL	

- VIVENDA NOVA
- VIVENDA ANTERIOR
- ALUGUER. Renda mensual.....
- PROPIEDAD
- FAMILIA
- OUTROS. Especificar.....

FORMACIÓN.....

OCUPACIÓN.....

2.- FUNDAMENTACIÓN DA SOLICITUDE

3.- INVERTEMENTO E ORZAMENTO ESTIMADO

4.-OUTROS DATOS DE INTERESE

◆ Tipo de axuda solicitada:

- Ordinaria (ata un máximo de 650.- euros).....
 Extraordinaria (ata un máximo de 900.- euros).....

Data.....

Asdo.....

◆ CONTÍA CONCEDIDA.....

◆ DATA DE CONCESIÓN.....

14(63).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DE REPARACIÓNS DE CARROCERÍAS DE VEHÍCULOS INFERIORES A 3.500 KGS.EXPTE.1027/445.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.01.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 26-05-2003 se adjudicou o concurso para a reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3500 kg á empresa Talleres Fontan, S.L..

Na cláusula 2 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato os anos 2003 e 2004 coa posibilidade de prorroga-lo para os exercicios 2005 e 2006.

De acordo co informado polo xefe do Parque Móbil é necesario tramita-la prorroga do contrato para o ano 2005 toda vez que os prezos de man de obra e descontos na tarifa dos materiais continúan sendo favorables respecto á evolución do mercado e os traballo feitos polo adxudicatario foron técnicamente correctos, así como o cumprimento do prazo de entrega de cada un deles. .

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-01-2005 ó 31-12-2005 do contrato para a reparación de carrocerías de vehículos inferiores a 3500 kg adxudicado a Talleres Fontan, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 26-05-2003, sendo o importe da prorroga o de 19.000 euros que se imputaran a partida 121.2.214.00.00 do presuposto do ano 2005 ”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(64).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE TROFEOS PARA EVENTOS DEPORTIVOS. EXPTE. 2811/333

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 7.01.05, conformado polo concelleiro de Deportes e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 17.12.2001, se adxudicou o procedemento negociado para a subministración de trofeos destinados a serén empregados como premios institucionais para os eventos e actividades deportivas que e desenvolven en Vigo a Manuela Pol Seoane.

Na cláusula II do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo (14-02-2002). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

O contrato foi prorrogado para o periodo 14-02-2004 ó 13-02-2005 por acordo da Xunta de Goberno Local de 09-02-2004, polo que é posible facer uha prorroga de un ano máis.

O director deportivo do IMD propón a prorroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 14.02.2005 ó 13.02.2006 do contrato para a execución da subministración de trofeos destinados a serén empregados como premios institucionais para os eventos e actividades deportivas que e desenvolven en Vigo adxudicado a Manuela Pol Seoane por acordo da Comisión de Goberno de 17-12-2001

O importe máximo da prorroga do contrato ascende a cantidade de 30.050,61 euros que se imputaran a partida 4521 2260801.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

16(65).- ASISTENCIA DE D. LUIS RODRÍGUEZ CADARSO AO CURSO SUPERIOR DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA. EXPTE. 171889/24.

A Xunta de Goberno local acorda deixar pendente o expediente para mellor estudo do concelleiro da Área de Xestión Municipal.

17(66).-RECLAMACIÓN DE DAÑOS:

A) JOSÉ LUIS VÁZQUEZ LÓPEZ. EXPTE. 15897/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 30.11.04, en relación coa reclamación de Don José Luis Vázquez López por danos persoais debido a unha caída producida por esvarar nuns azulexos de cristal da beirarrúa mollados pola choiva na rúa Reconquinta nº 11; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 7.01.05 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 17.01.05 conformado polo xefe de rexime interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Luís Vázquez López e indemnizalo polos danos sufridos na contía que reclama: 9.283,27 euros”

2º. - Así mesmo, comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia , en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

B) M^a. MARCELA PÉREZ CRESPO. EXPTE. 14999/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 26.10.04 en relación coa reclamación de Dna. María Marcela Pérez Crespo por danos persoais producidos por unha caída sufrida a consecuencia dunha lousa que estaba desprendida, floxa e parcialmente afundida, á altura do nº 39 da rúa García Barbón; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo con informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de dona María Marcela Pérez Crespo por corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos e indemnización coa cantidade de 1.000,00 euros.

2º. Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e os efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento,

C) ELVIRA GARCÍA GARCÍA. EXPTE. 4/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 05.11.04, en relación coa reclamación de Dna. Elvira García García por danos persoais por unha caída que sufriu ao tropezar cunha lousa en mal estado da beirarrúa do muro da estación do ferrocarril, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 19.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Elvira García García por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización de Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

D) ELENA SERRANO VILANOVA. EXPTE. 15516/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración do servizo de Patrimonio e Contratación do 17.11.04, en relación coa reclamación de Dna. Elena Serrano Vilanova por danos persoais producidos por unha caída por mor dunha fochanca duns 20 cm de profundidade á altura do nº 39 da avda. Castela; visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 19.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Desestimar a reclamación de dona Elena Serrano Vilanova por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ao non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

E) MARGARITA GONZÁLEZ ABALDE. EXPTE. 14549/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral de Patrimonio e Contratación do 20.12.04, en relación coa reclamación de Dona Margarita González Abalde por danos causados ao pisar unhas luosas despegadas na rúa Cervantes e cair nunha fochanca existente na beirarrúa que se estaba a formar debido a unha fuga de auga subterránea, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 10.01.05 e de acordo co informe-proposta da

devandita técnica do 18.01.05 , conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. - Desestimar a reclamación de Dna. Margarita González Abalde por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º. - Así mesmo, comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devantido Regulamento.

F) ZURICH ESPAÑA (D. FELIX PEREIRA MARTÍNEZ). EXPTE. 159/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración xeral de Patrimonio e Contratación do 26.11.04, en relación coa reclamación de Zurich España en representación de D. Félix Pereira Martínez por danos no seu automovil producidos por accidente de tráfico a consecuencia de pasar por enriba dunha boca de rede de sumidoiros cuxa tapa estaba fóra do seu sitio; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 07.01.05 e de acordo co informe-proposta de devandita técnica do 17.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Zurich España, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., en nome e representación de D. Félix Pereira Martínez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 186,96 euros.”

3º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo 833-1-i) do devandito Regulamento”.

G) MANUEL CASTRO BAÑOS. EXPTE. 15744/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 01.12.04, en relación coa reclamación de D. Manuel Castro Baños por danos persoais sufridos por unha caída producida ao afundir o seu pé esquerdo nun dos múltiples buratos existentes na calzada da confluencia do Camiño de Barciela coa rúa Tomás Alonso, a cal carece de beirarrúas e arcéns; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 7.01.05 e

de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 17.01.05 , conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de D. Manuel Castro Baños por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento di Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo(33-1-i) do devandito Regulamento.

H) MA. CARMEN SALIDO LÓPEZ. EXPTE. 13685/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 08.10.04, en relación coa reclamación de Dna. M^a Carmen Salido López por danos producidos no seu vehículo cando un recolector de lixo chocou contra o seu vehículo ocasionándolle danos no lateral dereito; visto o dictame favorable do Consello Consulivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Dna M^a Carmen Salido López, indemnizádolle na contía de 949,85 €, correspondente ao valor da reparación da súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

I) HAMANN ALVAREZ, S.A. EXPTE. 13742/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 13.10.04, en relación coa reclamación de D. Antonio Javier Hidalgo Camacho por danos no seu vehículo a consecuencia de que un colector de lixo cruzou a vía e chocou contra o mesmo na rúa Torres Quiroga á altura do nº 11; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta de devandita técnica do 04.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de ALTRANS FAST CARGO S.A., indemnizádolle na contía de 170,11 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo da súa propiedade.

2º.-Comunicar o acordo ó Secreterio do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

K) ANTONIO FERNANDÉZ BÓVEDA. EXPTE. 14926/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 18.10.04, en relación coa reclamación de D Antonio Fernández Bóveda, por danos no seu vehículo cando foi golpeado por un colector de reciclaxe que, movido por un golpe de vento, desprazouse dende o nº 64 ata o nº37 da Rúa Brasil; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta de devandita técnica do 04.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. Estimar a reclamación de D. Antonio Fernández Boveda, indemnizándolle na contía de 355,56 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo da súa propiedade.

2º. Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

L) JOSÉ CARLOS GARCÍA RON. EXPTE. 15635/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 20.10.04, en relación coa reclamación de D. José Carlos García Ron danos na súa vestimenta cando estragou a manga da súa cazadora de coiro ao enganchala nunha varanda, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 04.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de D. José Carlos García Ron, indemnizándolle na contía de 239 €, correspondente ó valor da reposición da cazadora da súa propiedade”.

2º.- Comunicar o acordo ó Secreterio do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

M) Mª. JOSEFA LENS ROMERO. EXPTE. 16097/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 20.10.04, en relación coa reclamación de Dna. Josefa Lens Romero por danos persoais sufridos por unha caída a consecuencia dunha lousa que estaba levantada na rúa Camelias; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co

informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Estimar a reclamación de Dna. Maria Josefa Lens Romero por corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos , por resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, e indemnizála coa cantidade de 3.663,55 €

2º.-Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

N) VIGUESA DE TRANSPORTES S.A.. EXPTE. 16574/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 17.11.04, en relación coa reclamación de D. Manuel Vázquez Iglesias en representación da entidade Viguesa de Transportes S.A. por danos no autobús Man a consecuencia da colisión contra un colector de lixo desprazado por unha ráfaga de vento, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. - Estimar a reclamación de D. Manuel Vázquez Iglesias, en representación da entidade Viguesa de Transportes S.A. indemnizandolle na contía de 659,77€, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1) do devandito”.

Ñ) CONCEPCION MARTÍNEZ ALVAREZ. EXPTE. 16411/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 3.11.04, en relación coa reclamación de Dna. Mª Concepción Martínez Alvarez, en representación da súa filla Mª Claudia López Martínez por danos persoais que sufriu ao tropezar nun oco que había na beirarrúa pola falta dunhas lousas na Travesía de Vigo; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 23.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de dona María Concepción Martínez Álvarez por corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos e indemnizála coa cantidade de 1.875,41 euros”.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento

O) ARACELI QUINTELA VIEITO. EXPTE.16105/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación, do 03.11.04, en relación coa reclamación de Dna. Araceli Quintela Vieito por danos persoais sufridos por unha caída a consecuencia dunha lousa que estaba solta na rúa Colón; visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º. - Estimar a reclamación de dona Araceli Quintela Vieito por corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, e indemnizala coa cantidade de 1628,14 euros.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento”.

P) Mª ISABEL RODRÍGUEZ FERREIRO. EXPTE. 153053/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 22.10.04, en relación coa reclamación de Dona Mª Isabel Rodríguez Ferreiro por danos persoais producidos por unha caída debido a que a beirarrúa está totalmente rota á altura do número 74 da rúa Hispanidade; visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Isabel Rodríguez Ferreiro e indemnizala coa cantidade de 2566,31 euros.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

Q) AMELIA ALVAREZ POUSA. EXPTE.14120/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de proposta da técnica de Administración Xeral do servizo de Patrimonio e Contratación do 26.10.04, en relación coa reclamación de Dona Amelia Alvarez Pousada por danos persoais provocados por unha caída a consecuencia do mal estado da beirarrúa á altura dos nº 17 e 19 da rúa Irmandiños, visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 23.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Amelia Alvarez Pousa e indemnizala coa cantidade de 3.756,64 euros.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento”.

R) AMADOR RODRÍGUEZ NOGUEIRA. EXPTE. 13829/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 26.10.04, en relación coa reclamación de D. Amador Rodríguez Nogueira por danos no seu vehículo cando estando estacionado na rúa Martín Echegaray á altura do nº 22, un colector de lixo movido polo vento chocou contra o mesmo ocasionándolle danos na aleta dianteira esquerda e no espello retrovisor, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 22.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica do 4.01.05, conformado polo Xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de don Amador Rodríguez Nogueiro por corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos e indemnizalo coa contía de 137.85 euros.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento”

18(67).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A NEA GATSA S.L. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO ARRENDAMENTO DE FOTOCOPIADORA PARA CONSERSERÍA. EXPTE. 506/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 3.01.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 17.01.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Nea Gatsa S.L. a fianza de 344,04 € constituída para responder do arrendamento de fotocopiadora para Conserxería xa que o servizo foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

19(68).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR CONCURSO ABERTO, DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PRAZA DE COMPOSTELA E O SEU ENTORNO. EXPTE. 17192/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 21.12.05, asinado polo enxeñeiro de camiños e o enxeñeiro industrial municipal, e o prego de cláusulas administrativas do 25.01.05, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, ambos para a contratación por concurso aberto da asistencia técnica para a dirección das obras de urbanización da Praza de Compostela, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 25.01.05, que di o seguinte:

O convenio asinado entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a execución das obras de urbanización da praza de Compostela e o seu entorno establecía que o Concello de Vigo nomearía ao encargado da dirección das Obras.

Como queira que os principios que rexen o actuar da administración a hora de seleccionar os contratistas que colaboren coa mesma deben primar uns criterios de publicidade e concurrencia considérase necesario que esta selección do director de obra polo concello se axuste a un procedemento de concurrencia competitiva.

A tal efecto se redactaron os correspondentes pregos de condicións técnicas e administrativas que rexerán este procedemento selectivo, tendo en conta que o concello non actuará neste caso como contratista xa que o que unicamente é propoñer un Director de Obra, sendo o Consorcio da Zona Franca quen en todo caso extenderá os contratos coa persoa seleccionada polo concello.

Por iso, e previos os informes da Asesoría Xurídica do concello, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a selección da dirección de obras da Praza de Compostela e entorno.

2º.- Facer unha convocatoria pública da citada selección outorgando un prazo de 8 días naturais para a presentación de proposicións polos interseados.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a selección da dirección de obras da Praza de Compostela e entorno, condicionado ao informe do titular da Asesoría Xurídica.

2º.- Facer unha convocatoria pública da citada selección outorgando un prazo de 8 días naturais para a presentación de proposicións polos interesados.

20(69).- ALUGUER DO LOCAL SITO NA PLANTA BAIXA E SOTO DA RÚA REAL Nº 10 PARA “CASA DO CESTEIRO” DURANTE O ANO 2005.EXPTE 2674/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento de Intervención Xeral acreditando a existencia crédito para o gasto proposta e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico do 3.01.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

O aluguer polo Concello de Vigo, mediante o procedemento de contratación directa, do local situado na planta baixa do edificio sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, do que son propietarios D. Santiago Jesús Luís Portela Buján, co NIF 35.960.844-E, e D. Carlos Portela Buján, co NIF 35.957.809-T, para continuar co establecemento nel da “*Casa do Cesteiro*”, iniciativa que iniciouse dentro do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular, e que vén localizándose nel dende o ano 1998. As condicións esenciais deste contrato son as que seguen: A duración do contrato será de un ano, dende o 01.01.2005 ata o 31.12.2005 e o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade é de 915,90 euros/mes (IVE engadido). O gasto poderá facerse con cargo á partida 4531.2020000.

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DE PLANTA BAIXA E SOTO DO EDIFICIO Nº 10 DA RÚA REAL DE VIGO PARA “CASA DO CESTEIRO PARA O ANO 2005.

En Vigo, de dous mil cinco

REUNIDOS: Dunha parte, como arrendador, d. Santiago Jesús Luís Portela Buján, maior de idade, co NIF 35.960.844-E e domicilio na rúa Avda. das Camelias, nº 74, 5º C esc. A, de Vigo, actuando no seu propio nome e dereito e en representación (en virtude de escritura de apoderamento nº 152/2000, copia da que se incorpora ó expediente) do copropietario d. Javier Ignacio Portela Martínez, co NIF 9792747-Z.

Da outra, como arrendatario, o Exmo. Concello de Vigo (CIF P-36.057.00-H; Pza. do Rei, s/n), representado neste acto pola súa Alcaldesa, dna. Corina Porro Martínez, asistida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local.

EXPOÑEN:

I.- Que d. Santiago Jesús Luís Portela Buján e d. Javier Ignacio Portela Martínez son propietarios por metade e en proindiviso do local en planta baixa sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, segundo resulta da escritura pública de aceptación, manifestación e adxudicación de herencias, liquidación de sociedade conxugal e división horizontal autorizada polo notario de Vigo Sr. Rodríguez Sánchez o 29/08/1995, co nº 2.551 do seu protocolo.

Ten unha superficie aproximada de 117 m2 en planta baixa, 62 m2 no soto e conta, ademáis, cun patio anexo duns 36 m2.

II.- Que o Pleno da Corporación, en sesión do 27/01/1998 acordou, con base na oferta presentada pola propiedade e os informes técnicos emitidos, alugar ese local para establecer nel a denominada “Casa do Cesteiro”, iniciativa do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular no barrio histórico de Vigo.

III.- Que, á vista do recollido na estipulación SEGUNDA do contrato de arrendamento do local citado de data 22/02/2004, (“Segunda.- ... Renuncian as partes a cantas prórrogas poidan corresponder de acordo coa normativa actual sobre arrendamentos urbanos. Non obstante, se o Concello estivese interesado en continuar co uso do local despois da data do 31/12/04, poderá acordalo co arrendador.”), as partes acordan suscribir un novo contrato de arrendamento.

Os comparecentes se recoñecen mutuamente a capacidade legal bastante para a formalización do presente contrato, baixo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- D. Santiago Jesús Luís Portela Buján e d. Javier Ignacio Portela Martínez ceden en arrendamento ó Excmo. Concello de Vigo o local en planta baixa sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, que ten unha superficie aproximada de 117 m2 en planta baixa, 62 m2 no soto e conta, ademáis, cun patio anexo duns 36 m2.

SEGUNDA.- A vixencia deste contrato de arrendamento será dende o un de xaneiro de dous mil cinco ata o trinta e un de decembro de dous mil cinco. Renuncian as partes a cantas prórrogas poidan corresponder de acordo coa normativa actual sobre arrendamentos urbanos. Non obstante, se o Concello estivese interesado en continuar co uso do local despois da data do 31/12/2005, poderá acordalo co arrendador.

TERCEIRA.- A renda do contrato é de 915,90 euros/mes (IVE incluído). O Concello-arrendatario pagará por anticipado ó arrendador a cantidade global anual que resulte, que será satisfeita trala sinatura deste contrato. O ingreso desta cantidade farase efectivo no número de conta bancaria facilitado polo arrendador.

CUARTA.- O destino do local obxecto deste contrato será o establecemento, xestión e desenvolvemento do proxecto de recuperación da cestería popular coñecido como “Casa do Cesteiro”, promovido polo Concello de Vigo a través do Programa URBAN. O arrendador autoriza expresamente a realización de todas aquelas actividades realcionadas coa execución deste proxecto.

QUINTA.- Será de conta do Concello-arrendatario o pagamento dos importes facturados polas respectivas compañías subministradoras dos servizos de auga, luz, teléfono, etc., as taxas municipais que graven a utilización do local e mais o IBI. Os gastos de comunidade, de existir, serán de conta do propietario-arrendador.

SEXTA.- Coa sinatura deste contrato facúltase expresamente ó Concello de Vigo para proceder á efectiva toma de posesión do local e para facer nel, ó seu cargo, tódalas obras de mellora, acondicionamento, ornato e reforma e as instalacións que sexan precisas para adecuar o uso do local ás necesidades do servizo público que se establece.

En calquera caso, comunicárase ó arrendador a execución das obras e nela respectaranse sempre as determinacións da normativa urbanística, do patrimonio cultural e calquera outras que resulten de aplicación.

SÉTIMA.- Todas as cuestións, reclamacións ou litixios que se susciten sobre a interpretación, efectos ou extinción deste contrato, someteranse á xunta arbitral municipal de consumo. Contra o laudo arbitral que, de ser o caso, se dicte, procederán os recursos xurisdiccionais que estableza a normativa arbitral vixente en cada momento.

En proba de conformidade asinan o presente contrato, por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”

21(70).- CONCESIÓN AXUDA ESPECIAL CON CARGO O FONDO SOCIAL POR IMPORTE DE 848 €. EXPTE15547/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social de 20.12.04, sobre a concesión de axuda especial correspondente á convocatoria do presente ano ao traballador que de seguido mencionase, o informe de Intervención Xeral do 19.01.05, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o aboamento da axuda especial ao traballador D. FERNANDO MOLINA MAGDALENA, con NIF 36.065.820-A e número persoal 77043, na contía de 846,00 €.

22(71).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2004. EXPTE.15534/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por don Francisco Rial Estévez do Instituto municipal dos deportes, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 38.050'95 € (TRINTA E OITO MIL CINCOENTA EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de decembro de 2004.

23(72).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2004. EXPTE15536/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar ó persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Javier Crespo Casal, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 24'60 € (VINTECATRO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de decembro de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(73).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2004. EXPTE. 15537/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de DECEMBRO-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIONES.

25(74).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2004 DO PERSOAL DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL. EXPTE 15538/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de DECEMBRO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

26(75).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2004. EXPTE 15539/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servicio Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de DECEMBRO-2004, e que ascenden

a un total de 1.170'96 € (MIL CENTO SETENTA EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS”.

27(76).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE AOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2004. EXPTE 15540/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Iglesias Ferreira e rematan por don Gabriel Alonso Álvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVEMBRO e DECEMBRO-2004, e que ascenden a un total de 259'12 € (DOUSCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

28(77).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL NON SENDO CONDUCTORES OFICIAIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2004. EXPTE 15541/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados polo persoal do Servizo de Desinfección por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comencan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Ricardo González Arzua e que ascenden a un total de 257'04 € (DOUSCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondente o 4º trimestre de 2004.

29(78).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL NON SENDO CONDUCTORES OFICIAIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE. EXPTE. 15542/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 20.01.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.01.05, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 232'56 € (DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 4º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

30(79).- SOLICITUDE DE HIRMANDADE DE FESTAS DE SAN BRAIS E SANTIAGO APOSTOL PARA QUE SE AUTORICE A CELEBRACIÓN DA FESTA DE SAN BRAIS EN BEMBRIVE O DÍA 3.02.05. EXPTE 70498/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 24.01.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

AUTORIZAR á HIRMANDADE DE FESTAS DE SAN BRAIS E SANTIAGO APOSTOL, a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DE SAN BRAIS, o día 3 de febreiro de 2005, en Bembrive, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitalo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de San Brais.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

31(80).- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN E PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA U.E. IV-07 MONTECELO ALTO. EXPTE. 4534/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión do 14.01.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993, delimitouse o polígono "UE IV-07-Montecelo" entre o remate da rúa Montecelo Alto na Travesía de Vigo, --números 72 a 86-- e a prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, cunha superficie aproximada de 2.000 m²; 300 m² de cesión mínima para zona verde; usos permitidos polas ordenanzas "1.1". e "1.2" e a compensación como sistema de actuación.

2º.- A ordenación deste ámbito remitiuse a un Estudio de Detalle, que se aprobou definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 26/10/1995, logo modificado puntualmente polo posterior Acordo plenario do 26/07/2004 (expte. 8492/411).

3º.- No 29/06/2004, o representante da entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL" presentou nesta Administración municipal solicitude de modificación do sistema de compensación dese polígono polo de Concerto regulado no art. 150 da nova Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Con dita solicitude achegou tamén un borrador do correspondente proxecto de equidistribución, xunto con copia da escritura de propiedade dos terreos.

En data 02/08/2004 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento emitiu Informe xurídico ó respecto.

4º.- No 13/08/2004 o representante de "Gestiones Urbanísticas y de Negocios, SL" presentou a versión final do Proxecto de Equidistribución, formalizada en Escritura Pública outorgada no 10/08/2004 perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 1316 do seu protocolo.

En datas respectivas 26/08/2004 e 27/08/2004 o arquitecto técnico e o letrado municipais emitiron senllos Informes favorables sobre o proxecto de equidistribución.

No 26/08/2004, o representante da entidade mercantil promotora da actuación interpuxo un escrito no que solicitou a monetarización e adquisición do aproveitamento urbanístico adxudicado ó Concello no proxecto de equidistribución.

5º.- Nos días respectivos 20/09/2004 e 25/10/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto e o proxecto de equidistribución do polígono, acumulando ambos procedementos. A continuación abriuse un trámite de información pública conxunto polo prazo de 20 días hábiles mediante publicación de anuncio no BOP núm. 229, do 26/11/2004 e notificación ós interesados. Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- As parcelas incluídas dentro do polígono "UE-IV-07 Montecelo Alto" pertencen a un único propietario, segundo se deduce da Escritura pública de agrupación de fincas achegada pola entidade mercantil solicitante, outorgada no 21/04/2004 perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 607 do seu protocolo.

Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimíuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación esixe en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, resultou axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto. Elo permite aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA. A tramitación do Proxecto de Equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

De conformidade co disposto no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC) acumuláronse ambos procedementos nun único expediente, tramitándose conxuntamente.

III.- A entidade promotora do polígono solicitou a monetarización e adquisición directa do 10% do aproveitamento urbanístico (atribuído 'ex lege' ó Concello). Dito aproveitamento municipal materialízase nunha cota indivisa do 13,15% na parcela resultante "B" do proxecto de equidistribución. Certamente a situación en proindiviso dese aproveitamento dificulta ou impide que se adique ós fins propios do patrimonio municipal do solo. Circunstancia que aconsella a súa monetarización con destiño da cantidade en metálico obtida ós referidos fins públicos.

Sen embargo, o art. 177.2 LOUGA, resultante da modificación aprobada por Lei 15/2004, do 29 de decembro, dispoñe que en todo caso o alleamento ou permuta do patrimonio público do solo da Administración local realízase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas.

Por tal motivo, a devandita solicitude só se pode estimar parcialmente, no único senso de inicia-los trámites para allear ese aproveitamento municipal en concurso público por procedemento aberto.

IV.- Finalmente, incidir na descripci3n das fincas resultantes contida no proxecto de equidistribuci3n consta correctamente e como carga real a obriga de conservaci3n das novas zonas verdes do pol3gono, na cota proporcional correspondente.

V.-  competente para adopta-lo Acordo que agora se prop3n a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse  Xunta de Goberno Local, a adopci3n do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensaci3n a concerto da UE IV-07 "Montecelo-Alto" (expte. 4534/401).

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribuci3n da UE IV-07 "Montecelo-Alto", promovido pola entidade mercantil "Gestiones Urban3sticas y de Negocios SL", formalizado en Escritura P3blica outorgada perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 10/08/2004, co nm. 1.316 do seu protocolo.

TERCEIRO: Incoar un procedemento de concurso por procedemento aberto para o alleamento do aproveitamento urban3stico atribuido 3 Concello neste pol3gono, segundo o disposto no art. 177.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenaci3n Urban3stica de Galicia, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro.

CUARTO: Notifcese o contido ntegro deste Acordo 3s interesados, coa advertencia de que contra l cabe interp3r, alternativamente, recurso de reposici3n nesta Administraci3n municipal no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(81).- RECEPCI3N DE OBRAS ORDINARIAS NA RA PRACER ESQUINA A CALEX3N DA POMBA. EXPTE.4163/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dase conta do informe-proposta do tcnico de Adm3n. Xeral do Servizo de Planeamento e Xesti3n do 14.01.05, que di o seguinte:

FEITOS

1.- En data 24/02/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou, no expte. 33185/421:

"Autorizar a "COMUNIDAD DE BIENES EL CASTRO" para construír, conforme s condici3ns do dorso da notificaci3n e segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta D Carolina lvarez Mguez, con datas de visado 16-3-99, 21-6-99 e 14-1-00, orzamento de execuci3n material de 51.022.618 ptas., un edificio na ra Pracer n 33-35, composto de planta soto e semisoto destinados a trasteiros, planta baixa para dous apartamentos, tres plantas mis e baixo cuberta para oito vivendas, cunha superficie total construida de mil cento corenta e catro metros con trinta e cinco decmetros cadrados e unha ocupaci3n de cento setenta e dous metros con trinta decmetros cadrados.

A parcela clasifícase como solo urbano dentro do ámbito do plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar, aprobado definitivamente en data 25-10-90, cuarteirón 73 e califícase coa ordenanza 1.1 de edificación pechada grao B.

A Comisión de Seguimento do PEEC dictaminou favorablemente a actuación proposta en sesión do 23 de novembro de 1998.

Simultaneamente coa edificación deberá de adecua-la rasante do canellón da Pomba mediante o proxecto de obras ordinarias presentado que por este acto se autoriza, redactado pola mesma arquitecta e visado o 12 de marzo de 1999, suprimindo as escaleiras existentes, mellorando o pavimento actual, adecuando o alumeado público e unha reixa de recollida de pluviais. Durante a execución destas obras deberán de suprimi-los postes de madeira do alumeado coa mediación necesaria da oficina de Aforro Enerxético que fixará as pautas temporais para a súa execución.

Deberá de ceder ó Concello 21,7 metros cadrados con destino a aproveitamento público interior axardinado nun 60% cunha capa de terra vexetal alomenos de 50 cm. Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública e inscribírase no Rexistro da Propiedade no prazo máximo de tres meses. O solicitante presentou aval de Caixavigo e Ourense por importe de 423.000 ptas., segundo o documento nº 200000001966 de data 17-01-00, para responder dos gastos de reposición dos servicios urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras que se autorizan (...)"

2º.- En data 04/11/2004 o enxeñeiro xefe da oficina municipal de Vías e Obras emitíu o seguinte Informe-Proposta:

"(...) Con data 02/10/2003 D. José Carlos Álvarez Fernández en nome e representación da Comunidade de Bens "EL CASTRO", propietaria dos terreos e promotora da edificación denominada "Rúa Pracer nº 33-35", mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción das obras de cesión previstas no "Proxecto de Obras do Edificio Ubicado na Rúa Pracer 33-35", aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión extraordinariai do día 24/02/2000.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano de recepción da zona solicitada.
- Acta de recepción das obras por parte da Propiedade, conformada pola Empresa Promotora das obras, a empresa constructora e a dirección facultativa das obras.
- Certificación do Técnico Director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ó Concello.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitado-los correspondentes informes ós servicios de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e ós servicios técnicos de Aqualia empresa Concesionaria dos servicios de abastecemento e saneamento de agua, cos seguintes resultados: En data 04/11/2004 o enxeñeiro técnico do servico de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras están correctamente executadas, salvo vicios acochados. Con data 24/11/2004 o Servicio de Electromecánicos, informa que a instalación cumpre coa normativa vixente. Con data 03/05/2004 o Servicio de Montes, Parques e Xardíns, informa que revisadas as obras de xardinería, éstas adáptanse aos criterios deste servico. Con data 21/10/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, emite informe favorable á recepción das obras de saneamiento e abastecemento desta urbanización.

Polo exposto sómete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte, PROPOSTA:

1.- Aproba-la recepción definitiva das obras de urbanización descrita no "Proxecto de obras do edificio ubicado na rúa Pracer 33-35 no ámbito delimitado no plano da zona de recepción solicitada, o cal se achega. 2.- Dar traslado deste acordo aos seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura , Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."

No 10/01/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas da Xerencia de Urbanismo emitiu Informe favorable á recepción das obras de referencia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:

"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".

Neste caso, o Informe-Proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 04/11/2004 podería considerarse equivalente á acta de recepción das obras, aínda que pendente da súa ratificación polo órgano municipal competente.

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aproba-la recepción das obras da rúa Pracer 33-35, esquiña caleixón da Pomba, con proxecto aprobado por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 24/02/2000 (exptes. 4163/401 e 44656/421).

SEGUNDO: A cancelación dos avais constituídos con motivo destas obras de urbanización, requirirá do transcurso previo do prazo de garantía dun ano dende a data de emisión deste Acordo.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo aos servizos municipais de Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Aqualia. Incorpórese unha copia do mesmo ó expte. 44656/421. Notifíquese tamén o seu contido íntegro ós interesados, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Practicadas as notificacións, remítase o expediente á oficina de Licenzas.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

33(82).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. GARCÍA BARBÓN, 27-33 ROUPEIRO. EXPTE. 4509/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión do 31.08.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

ANTECEDENTES:

1) Baixo o número de expediente 2232/411, tramitaronse os procedementos de Delimitación da Unidade de Actuación e Estudio de Detalle da mazá 22 do PEEC, aprobados definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo en sesión de 21 de xuño de 1993. O Pleno, en sesión de 30 de xaneiro de 1995, procedeu á súa nova aprobación definitiva trala estimación do recurso do Hostal Atlántico.

2) Baixo o número de expediente 4068/401, tramitouse o Proxecto de Compensación do cuarteirón número 22 do PEEC, García Barbón 27-33 Roupeiro, aprobado definitivamente polo Pleno en sesión ordinaria de 3 de xullo de 1998.

3) Baixo o número de expediente 4235/401, tramitouse o Proxecto de Urbanización de Praza Uso Público Rúa García Barbón, 27-33 Roupeiro, definitivamente aprobado polo Consello da xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de abril de 2.001.

Neste expediente, entre outra documentación, obra:

a) A copia da escritura pública outorgada pola Xunta de Compensación, perante o Notario de Vigo don MARIANO VAQUEIRO RUMBAO, con data de 27 de febreiro de 2.001 e número 406 do seu protocolo, de cesión de dereito de superficie, en virtude da cal:

"Queda constituido el derecho de superficie a favor del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, en la forma reseñada y recogida en el Proyecto de Compensación inscrito en el Registro de la Propiedad, y en particular, concretándose en los siguientes términos:/ Establecimiento de un derecho de uso de superficie sobre toda la finca, propiedad de la Junta de Compensación, solar número cuatro de la Junta de Compensación, finca registral número 79.951, al tomo 1136, nº 214 del Registro de la Propiedad número UNO de Vigo, destinada a garaje en sus dos sótanos,

estableciéndose el derecho de uso de superficie en su cota 13,30 en una extensión de 458,25 metros cuadrados, y en su cota 16,50 en una extensión de 118,80 metros cuadrados a favor del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, siendo la finca sobre la que se ubica la plaza y sobre la que se establece el derecho de uso de superficie, el solar número CUATRO descrito en el expositivo I de este instrumento./ Ese solar o plaza pública es predio dominante de un derecho de usos de superficie de una galería de 27 metros de largo, por 4 de ancho y una altura mínima de 3 metros, ubicada entre los edificios 27-29 y 31-33 de la calle García Barbón, también pactada por las partes interesadas./ b) Será por cuenta de las fincas identificadas con los números 1, 2 y 3 de la Junta de Compensación, la conservación de la superficie, pavimento, placa de hormigón, construcciones e instalaciones que se ejecuten bajo rasante, del derecho de superficie constituido a favor del Excmo. Ayuntamiento de Vigo./ c) Se reconoce la competencia de la Administración Municipal de vigilar y comprobar las condiciones de seguridad, salubridad y ornato público de la zona de cesión en el derecho de superficie reconocido en el Proyecto de Urbanización a favor del Excmo. Ayuntamiento de Vigo./ d) Se reconoce la expresa competencia del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, para realizar las correspondientes órdenes de ejecución para mantener dichas condiciones y las que el Ayuntamiento de Vigo pueda directamente realizar con objeto de mantener las condiciones de mantenimiento, seguridad, salubridad y ornato público de la zona de cesión en uso de superficie (...)"

Dita Escritura Pública foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Vigo no 20/03/2001, ó Tomo 1.136, folio 215, finca 72.951, inscripción 3ª.

b) A copia da escritura pública outorgada perante o mesmo Notario de Vigo, con igual data, e número 407 do seu protocolo, polos representantes da "Iglesia Católica-Diócesis de Tuy-Vigo", da entidade "Proincovi, S.L.", e de D. Alberto Iglesias Álvarez, Dª Mercedes Álvarez Álvarez, Dª María José Maldonado Tornero, D. José-Antonio Iglesias Álvarez, Dª Elía González Rivera, Dª María de las Mercedes Iglesias Álvarez, D. José Ramón Inaraja Bobo, D. Juan-Ramón Iglesias Álvarez, Dª Josefina Jato de Evan e Dª Mª Ángeles Iglesias Álvarez, en virtude da cal reconeceuse o:

"(...) Establecimiento de un derecho de uso de superficie de CUATRO metros de ancho y VEINTISIETE metros de largo, es decir, con una extensión total de CIENTO OCHO METROS CUADRADOS en la galería ubicada entre los edificios señalados con los números 27-29 y 31-33 de la calle García Barbón, en la cota 16,50 metros, y con una altura mínima de TRES metros (...). El derecho de superficie establecido en la presente, lleva inherentes las obligaciones de conservación, limpieza, ornato y vigilancia, en su más amplia acepción, de la galería sobre la que se constituye (...). Los predios cedentes de dicho derecho de uso de superficie en cuanto a la galería descrita, son los solares de la manzana identificada con el número VEINTIDÓS (22) del P.E.E.C., con frente a la calle García Barbón, fijando dicho derecho de uso de superficie en cuanto a las fincas integrantes de la Junta de Compensación identificadas con los números 27-29 y 31-33 de la calle García Barbón, que corresponden con los solares identificados con los números 1,2 y 3 del Proyecto de Compensación, que se describen registralmente así: Solar número uno (1) García Barbón número 27-29, propiedad de doña Mercedes Álvarez Álvarez y Otros (...) La superficie total resultante es de cuatrocientos noventa y seis metros con cincuenta décímetros cuadrados (...). Inscrito en el Registro de la Propiedad número uno de los de Vigo, en el Tomo 136, folio 201, finca 72.948, inscripción 1ª; Solares números 2 y 3 agrupados, propiedad de la Iglesia Católica-Diócesis de Tuy Vigo, y de Proincovi S.L., en proindivisión: URBANA.- Casas señaladas con los números 31 y 33 de la Avenida de García Barbón de Vigo (...). Tiene una superficie total de quinientos treinta metros con cuarenta y cinco décímetros cuadrados (...). Inscrita en el citado Registro de la Propiedad, en el Tomo 1.181, folio 33, finca 74.031, inscripción 1ª (...). Como consecuencia de lo anterior, la finca registral 72.948 (Solar número uno), queda gravada en la parte siguiente con el derecho de uso de superficie antes señalado: Establecimiento de un derecho de uso de superficie de dos metros de ancho y veintisiete metros de largo, es decir, con una extensión total de cincuenta y cuatro metros cuadrados en la galería ubicada entre los edificios señalados con los números 27-29 y 31-33 de la calle García Barbón, en la cota 16,50, y con una altura mínima de tres metros, según se reseña en el plano que se incorpora a

esta matriz (...). Y la finca registral número 74.031 (solar 2 y 3) queda gravada en la parte siguiente con el derecho de uso de superficie antes señalado: Establecimiento de un derecho de uso de superficie de dos metros de ancho y veintisiete metros de largo, es decir, con una extensión total de cincuenta y cuatro metros cuadrados en la galería ubicada entre los edificios señalados con los números 27-29 y 31-33 de la calle García Barbón, en la cota 16,50 y con una altura mínima de tres metros, según se reseña en el plano que queda incorporado a este original (...). Por razón del establecimiento de ese derecho de uso de superficie, la galería objeto del mismo queda configurada con un ancho de cuatro metros, una altura de tres metros y un fondo de unos veintisiete metros, o sea en toda su longitud desde la Avenida de García Barbón hasta la plaza pública en el interior de los solares números 1, 2 y 3 del Proyecto de Compensación (...). Ratifican la constitución del derecho de uso de superficie, por esa galería entres sus respectivos predios sirvientes, en favor de la plaza de uso público cedida en superficie al Excmo. Ayuntamiento de Vigo sobre el solar cuatro de la Junta de Compensación, que será el predio dominante, cesión que, a falta de pacto en contrario, tendrá carácter indefinido y gratuito (...).

c) Xustificante de operación de aval de Caja Duero para responder da execución material do proxecto aprobado polo consello da xerencia municipal de urbanismo. Expediente 4235/401, con data de 21/12/2000, número de operación 20000061569.

4) Con rexistro de entrada número 40012713, don Alberto Iglesias Álvarez en representación da Xunta de Compensación García Barbón 27-33 Roupeiro, solicitou a recepción das obras de urbanización recollidas no proxecto de urbanización da praza de uso público U.A. García Barbón 27-33 Roupeiro.

5) Consta neste expediente fotocopia simple de escritura pública outorgada perante o Notario de Vigo don ANTONIO A. SALGUEIRO ARMADA, con data de 13 de abril de 2004, con número 628 do seu protocolo, polos representantes da Xunta de Compensación "García Barbón", en virtude da cal:

"La JUNTA DE COMPENSACIÓN DE LA UNIDAD DE EJECUCIÓN" GARCÍA BARBÓN 27-33 ROUPEIRO MANZANA Nº 22 DEL P.E.E.C.-A.P.I." cede al Excmo. Concello de Vigo el derecho de superficie de 25,50 m2 indicado para la finca número 1 descrita en la exposición de este documento, y sobre la finca descrita en segundo constituye gratuitamente, y a perpetuidad, un derecho real de uso público en superficie sobre toda la extensión superficial de la finca./ SEGUNDO.- Ambos derechos de superficie cedidos están destinados a plaza pública, que en la actualidad está totalmente urbanizada, y cuyos gastos de mantenimiento y conservación serán a cargo de los propietarios de las fincas identificadas con los números 1, 2, 3 y 4 del Proyecto de Compensación./ La parte de finca matriz, de cada finca descrita, situada a nivel inferior de las superficies cedidas seguirá formando parte de sus respectivos titulares (HOSTAL ATLÁNTICO, S.A. y JUNTA DE COMPENSACIÓN de la unidad de ejecución "GARCÍA BARBÓN 27-33 ROUPEIRO MANZANA Nº 22 DEL P.E.E.C.-A.P.I.", respectivamente), así como las obras ejecutadas o que se ejecuten bajo dicho rasante./ TERCERO.- Se reconoce la potestad municipal de vigilar y comprobar las condiciones de seguridad, salubridad y ornato público de la zona cedida./ (...).

6) Obran no expediente informes do servizo de electromecánicos de data de 4 de maio de 2004, do servizo de montes, parques e xardíns de data de 28 de xuño de 2004, de AQUALIA de data de 9 de xullo de 2.004, do enxeñeiro técnico de vías e obras de 19 de xullo de 2004, para finalmente, informar o enxeñeiro técnico de vías e obras, en data de 2 de agosto de 2.004, que:

"las obras ejecutadas se encuentran en buen estado y se ajustan sensiblemente al proyecto técnico que sirvió de base para su ejecución./ La actuación de acondicionamiento en superficie en la calle Roupeiro está sin rematar, por resultar ser el acceso a otra actuación urbanística que se está finalizando proponiéndose, en consecuencia, un plazo de un mes para su conclusión, ante lo cual responderá con ejecución, por este Ayuntamiento, de aval depositado a los efectos. Por ello se propone la recepción de los trabajos con el condicionante establecido".

7) Con data de 5 de agosto de 2004, o enxeñeiro técnico de obras públicas informou que "las obras cuya recepción se solicita, son las resultantes del desarrollo del estudio de Detalle (Exp-2232/411) aprobado definitivamente el 21 de junio de 1993, resolviéndose posteriormente un recurso presentado por Hostal Atlántico, que convalidó dicha aprobación el 30 de enero de 1995. El proyecto de compensación (Exp- 4068/401) fue aprobado definitivamente el 3 de julio de 1.998./ Estas obras están contenidas en el correspondiente Proyecto de Urbanización (Exp- 4235/401), aprobado definitivamente el 19/04/01 pro acuerdo del Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo./ Recientemente, por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 19/07/04, se aprobó el Proyecto de obras Complementarias Acondicionamiento de la superficie de la calle Roupeiro (Exp- 4525/401) cuya ejecución ha sido avalada por los responsables de las obras que han ocasionado su deterioro, entre los cuales está la Junta de Compensación que ahora solicita la recepción que se informa. Dichas obras son a las que se hace mención en el Informe del Técnico de Vías y Obras de fecha 2 de agosto de 2004, y cuyo comienzo es inmediato./ Las obras cuya recepción se solicita han sido ejecutadas, tal y como se pone de manifiesto en el informe antes citado".

8) En efecto, baixo o número de expediente 4525/401, tramitouse o "PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS-ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO", que foi definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 19 de xullo de 2.004.

Neste expediente consta xustificante, de data de 25 de xuño de 2004, do aval do Banco Pastor, S.A., á Xunta de Compensación urbanizadora da unidade de execución 1,2 e 3 Unidade de Actuación I, PERI I-07 Rosalía de Castro-1 como garantía definitiva, para respostar das obrigas derivadas das OBRAS DE ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE NA RÚA ROUPEIRO (VIGO), ante o Concello de Vigo, por importe de vintetrés mil seiscientos setenta euros con setenta e cinco céntimos.

Asemade, con data de 30 de agosto foi incorporado ó expediente 4525/401 o documento, que obraba no expediente 4509/401, no que, con data de 22 de xuño de 2004, o enxeñeiro xefe de vías e obras require á citada Xunta de Compensación nos seguintes termos "revisado el estado de las obras de urbanización en la zona de cesión alo Concello de Vigo correspondientes a al U.E. GARCÍA BARBÓN-ROUPEIRO, se han observado desperfectos en el pavimento de la calle Roupeiro de acceso hacia los terrenos de cesión, desperfectos achacables en parte a la ejecución de las obras de edificación y de urbanización de la U.E. GARCÍA BARBÓN-ROUPEIRO./ Se determina, por lo tanto, que para poder continuar con los trámites de recepción de la zona de cesión, será necesario presentar un aval por parte de la Junta Compensación U.E. GARCÍA PARBÓN- ROUPEIRO en este Concello por valor de VEINTITRES MIL SEISCIENTOS VEINTE CON SESENTA Y CINCO EUROS (23.620,75€) para responder por la reparación del vial dañado en la parte correspondiente a su responsabilidad". Figura no expediente fotocopia simple de aval constituido en interés da devandita Xunta de Compensación por Caja Duero para responder do acondicionamento en superficie na rúa Roupeiro, Expte. 4525/401, con data de 25/06/2004, número de operación 200400030731, por importe de 23.620,75 €.

En consecuencia, está garantido o importe íntegro do orzamento de execución material das obras incluídas no Proxecto de obras complementarias- acondicionamento en superficie da rúa Roupeiro.

Ós anteriores antecedentes sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes do Enxeñeiro Técnico do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción das obras de urbanización, toda vez que as obras das que se solicita á súa execución están totalmente rematadas, segundo os informes devanditos, e xa que a reparación do vial danado (ó que propón condicionar a recepción o enxeñeiro técnico de vías e obras) é obxecto dun proxecto diferenciado, definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local, e do que consta a garantía do importe íntegro do custe da súa execución, e que a recepción de obras é un acto regrado, que a Admnsitración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

Non obstante para a obtención de licenzas de primeira ocupación no ámbito das obras de urbanización das que se propón á súa recepción, será precisa a previa execución e recepción municipal das obras á que se refire o "PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS E ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO", aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xullo de 2.004 (Expediente 4525/401).

III. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

IV. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do RC durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

V. O deber de constituir a entidade de conservación das zonas verdes e espazos libres desta urbanización resulta da aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais. O que, por outra banda, se fai constar nas escrituras públicas de cesión de uso de superficie relatadas no expositivo.

VI. Acordo da Comisión de goberno en sesión de 7 de febreiro de 1991 sobre as condicións con carácter xeral en cesións de dereito de superficie.

VII. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a recepción das obras de urbanización da U.A. GARCÍA BARBÓN 27-33 ROUPEIRO, correspondentes ó proxecto de urbanización definitivamente aprobado polo Consello da

xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de abril de 2.001, de acordo cos informes técnicos descritos na parte expositiva. (Expediente 4509/401).

Segundo: Advertir ós interesados e notificar ó departamento municipal de licenzas de obras que non se poderán outorgar as licenzas de primeira ocupación no ámbito do proxecto de urbanización ata que non sexan recibidas as obras que se executen ó abeiro do "PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS E ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA RÚA ROUPEIRO", aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xullo de 2.004 (Expediente 4525/401).

Terceiro: Iniciar o expediente municipal para a esixencia de constitución de entidade de conservación, poñéndollo de manifesto ós interesados para que no prazo dun mes achegen o proxecto de estatutos ou manifesten fehacientemente a súa adhesión ó modelo xeral aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data de 11 de decembro de 2.003 (BOP 2/1/2004).

Cuarto: Recordar ó departamento municipal de Licenzas de obras que recolla nos acordos que se adopten sobre licenzas de obra, primeira ocupación e utilización a obriga de conservación nos termos expostos.

Quinto: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Non obstante, contra o terceiro punto deste acordo non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de trámite.

Sexto: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenza de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

34(83).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DELOITE & TOUCHE ESPAÑA S.L. CONSTITUIDO PARA A CONTRATACIÓN DA "ASISTENCIA TÉCNICA PARA ELABORACIÓN DUN PLAN DE CONTROL DE CONCESIÓN E CONTRATOS EXTERNOS MUNICIPAIS". EXPTE. 6/447-01.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Control das Concesionarias, do 13.01.05, que di o seguinte:

Con data 03/12/2004 DELOITE & TOUCHE ESPAÑA, S.L. presenta no Rexistro Xeral Municipal , solicitude de devolución de aval por importe de 2.283,85 € que en data 07/02/2002 ARTHUR ANDERSEN Y CIA, S.COM. presentou no Concello, previo á sinatura do contrato de " Asistencia Técnica para a elaboración dun plan de control de concesións e contratos externos municipais". Expte: 6/447/01.

Tal como consta na acta de recepción de ditos traballos de data 21/12/2002, os traballos foron realizados de xeito satisfactorio para o Concello, polo que se somete á Xunta de Goberno Local a seguinte, proposta:

Aprobar a devolución do aval por importe de 2.283,85 € a favor de "DELOITE & TOUCHE, S.L." anteriormente "ARTHUR ANDERSEN Y CIA., S. COM", dado que os traballos obxecto do contrato, foron realizados satisfatoriamente para o servizo de Control de Concesionarias do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

35(84).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE FEBREIRO.

Visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 24.01.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, para incluír na nómina do mes de febreiro do 2005, que de seguido se detallan:

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
1212	Parque Móbil	197,88
1216	Patrimonio e Contratación	96,90
2220	Seguridade	370,60
2222	Policía (axudas de custo 274,66 €; Manutención 325,24 €)	599,90
3130	Benestar Social	11,22
3220	Desenvolvemento Local e Empleo	48,79
4220	Educación	390,56
4324	Electromecánicos	98,77
4326	Parques e xardíns	114,57
4420	Limpeza	1.083,41
4430	Cemiterios	141,61
4450	Medio Ambiente-Infraestructuras	1.081,82
4513	Museo Quiñones de León	40,12
5110	Vías e Obras	1.605,14
TOTAL		5.881,29

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(85).- CESIÓN DE LOCAL NA RÚA ROMIL 22-24 Á ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO. Expte. 17165/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 25.01.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a división da propiedade municipal núm 000175, sito na Rúa Romil 22-24, consonte o plano e descripcion elaborado polo Servicio de Cartografía a Xerencia de Urbanismo, resultando os seguintes locais:

Local A

Superficie Local _____ 361.00 m2

Lindeiros Local A:

Norte.- Local B é entrada portal comunidade de propietarios da Rúa Romil, 22-24
Sur.- Comunidade de propietarios Rúa Romil,26
Leste.- Rúa Romil
Oeste.- Propiedade municipal nº 000173 comunidade de propietarios Rúa Pi y Margall, nº 69-71

Local B

Superficie local _____ 86.00 m2

Lindeiros Local B: Norte.- Solar propiedade do Concello de Vigo
Sur.- Local A
Leste.- Rúa Romil
Oeste.- Propiedade municipal nº 000173 comunidade de Propietarios Rúa Pi y Margall, nº 69-71

A porcentaxe das superficies é a que sigue: local A = 80.75%

local B = 19.25%

2º.- Ceder gratuitamente e en precario, polo prazo de 25 anos, á Asociación de Xordos de Vigo, o dereito de uso do Local A, de propiedade municipal, sito na pranta baixa do edificio nº22-24 da rúa Romíl desta cidade, con suxección as seguintes cláusulas:

- A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e, en particular, aqueles programas e actividades de interes xeral de carácter social, lúdico e cultural que anualmente desenvolve a entidade en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin a entidade presentará anualmente o orzamento de gastos e ingresos, proxecto de actividades, memoria final e balance económico das mesmas.
- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asi mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare cualquier dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente cun limite de indemnización mínima de 300.506, 05 €.
- A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do concello de Vigo como entidade cedente.
- Será por conta da asociación usuaria tódolos gastos de mantemento e conservación do local, asi como os dos servicios e subministro de auga, electricidade e calquera outro semellante co que conste o local, e a cota correspondente de participación comunitaria do inmovible.
- A cesión extinguirírase: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou pola denegación expresa da súa prorroga; pola renuncia da asociación a devandita cesión, polo incumprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da asociación, e pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal asi o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.
- Calquera obra ou mellora do local, contará co previo coñecemento da Concelleira de Asuntos Sociais e autorización ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos que de estas deriven. As obras e instalacións executadas revertirán integramente a administración municipal no momento que cese o uso outorgado.
- Concello de Vigo, no momento en que asi o determine poderá comparti-lo uso do devandito local, en igual ou menor superficie, para a realización dos fins ou servicios públicos municipais que beneficien ós veciños da cidade, compartindo neste caso as cargas correspondentes.

- Concello de Vigo poderá acorda-la incorporación a este uso, dalgunha outra entidade do barrio cando asi o solicite e o permitan as disponibilidades de superficie e sexa compatible. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do local.

3º.- Someter o presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no art, 110 do RBEL. O presente acordo devendra definitivo, de non se formular alegacións no periodo de información pública, o que se acreditará coa certificación que para este efecto expida o Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local.

4º.- A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 dias a contar dende a súa aprobación definitiva.

5º.- Efectuar as rectificacións nos asentos rexistráis do Inventario Municipal de Bens e Dereitos a que dea lugar o presente acordo.

37(86).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARÍA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Perez